

Páxina de autor | X. M. Rivas

## Biblioteca en lingua propia

**HAI DÍAS** que os xornais de Galicia daban conta da alegría que tiña o presidente Touriño coa esperanza de compensar o financiamento desta autonomía en razón de dispoñermos dunha «lingua propia». No fondo é unha noticia triste, xa que danés, finés, polaco e tantas linguas europeas que non tiveron imperio xa non necesitan ser compensadas. Mellor sería non ter necesidade dese plus económico que a facenda de tódolos españois pon en mans do presidente Touriño para atención da lingua propia de Galicia.

Pero dada a nosa situación de retraso na autoconstrución da Galicia europea, eiva recoñecida nos ámbitos da saúde e da xustiza polos inspectores lingüísticos de Europa, a solución eficaz, neste proceso de desenvolvemento pleno da nosa intimidade, depende en boa parte do uso que faga destes fondos de compensación lingüística o señor presidente. A fermosa e millonaria exposición «As nosas palabras, os nosos mundos», que está recorrendo o mundo desde Bruxelas a Bos Aires pasando por Barcelona, Madrid, Sevilla, Bilbao e todas as capitais galegas, é un exemplo de como se poden usar os máis variados soportes para unha mesma mensaxe: a valoración do propio. Pero non creo que sexa o camiño máis atinado para que médicos e xuíces fagan un mínimo esforzo por cambiar a súa rutina e atendan ós seus clientes na lingua propia deles, que son os que pagan.

Hai dous profesores na Universidade de Vigo que desde a Asociación de Tradutores Galegos (ATG) traballan arreo pola nosa «lingua propia». Xosé María Gómez Clemente e Alberte Alvarez Lugrís, presidente e secretario desta asociación, saben que o traballo cultural é sempre a longo prazo e van formando lentamente a biblioteca virtual [www.bivir.com](http://www.bivir.com) de literatura universal en galego. Esta biblioteca que leva oito anos aberta as vinte e catro horas do día a calquera lector que queira entrar, conta con cerca de cento cincuenta títulos. Nada, como quen di, se os comparamos cos dous millóns que están en Europea, a biblioteca dixital europea.

Todos os escritores galegos actuais leron a literatura universal fundamentalmente en traducións castelás. Para que os escritores galegos do futuro poidan desde hoxe ir formándose na intimidade da súa propia lingua, cómpre que o presidente Touriño tome en serio a biblioteca en lingua propia e faga un programa de traducións das cinco mil obras da literatura mundial que deben estar a disposición de tódolos galegos. Poden parecer moitas obras, pero os tradutores son austeros e pouco esixentes, de doce a quince euros por folio. Unha exposición como a que montou Política Lingüística este ano pode dar para mil títulos e coa vantaxe de que as mil obras traducidas quedan para sempre e unha exposición pouco máis dura que un foguete.

Para que lectores e responsables políticos da nosa lingua propia poidan ver unha mostra do traballo da Asociación de Tradutores Galego, poden entrar na súa biblioteca virtual e ler o conto «O Destino» (<http://www.bivir.com/DOCS/NORM/destino.pdf>) do premio Nobel Wladyslaw Reymont. A tradución galega débese a dúas profesoras da Universidade de Varsovia, Maria Boguszewicz e Ana Somoza. Nesta época en que os telexornais case nos fixeron perder a sensibilidade ante as atrocidades da guerra o escritor polaco fáinola recuperar mediante a traxedia dun can.

Tamén recobrou tristemente actualidade ante esta crise económica que padecemos «A parábola do depósito de auga» de Edward Bellamy (1850-1898) da que Elena Maure traduciu do inglés a versión reducida (<http://www.bivir.com/DOCS/NORM/parabola.html>).

É mágoa que o traballo produtivo de bens culturais permanentes estea dependendo do entusiasmo e voluntarismo duns poucos e que os medios públicos destinados á normalización da «lingua propia» teñan froitos tan efémeros. Posiblemente os políticos non sexan capaces de ver máis alá das próximas eleccións ou da color das súas siglas. ●




Ilustración: Xebe d'Afrei